

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI  
O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2009,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se interpón conflito positivo de competencias perante o Tribunal Constitucional en relación co Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión de residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Tomiño para a execución da obra do proxecto de colector xeral do río Furnia. Tui e Tomiño (Pontevedra), clave OH 336.909, por importe de un millón setecentos tres mil once euros con quince céntimos (1.703.711,15 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Xunqueira de Espadanedo para a execución da obra de abastecemento do Concello de Xunqueira de Espadanedo (Ourense), clave OH 232.618, por importe de trescentos oitenta e dous mil quince euros con cincuenta céntimos (382.015,50 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Muíños, para a execución de obras en materia de urbanismo polo importe de cento corenta e catro mil euros (144.000 euros)

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual e ampliación de límites de gasto por parte da Consellería de Economía e Industria, en relación coas axudas convocadas nos anexos I, II, III, IV e V da orde da Consellería de Innovación e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes a

diversas accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-Incite (2006-2010) para o ano 2009, e se procede á súa convocatoria

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e *The Queen's College da Universidade de Oxford*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Universidade Nova de Lisboa*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *University of Wales, Bangor (Prifysgol Cymru, Bangor)*, para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Eberhard Karls-Universität Tübingen*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Universitat de Barcelona*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Universidade Federal da Bahía*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se aproba a modificación de estatutos da *Fundación Deporte Galego*
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, e o Ministerio de Cultura,

---

que ten por obxecto a achega e distribución de crédito para adquisición de fondos bibliográficos para a mellora das bibliotecas públicas

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a transposición da Directiva de Servizos

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a situación das expropiacións dos terreos do novo hospital de Vigo

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o Plan de Investimentos Menores (PIM) do ente público Portos de Galicia

## A XUNTA LEVARÁ ANTE O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL A NORMATIVA ESTATAL SOBRE XESTIÓN DE RESIDUOS MINEIROS

- *O Goberno galego interporá un conflito positivo de competencias despois de recibir unha contestación non favorable do Estado ao seu requirimento de incompetencia*
- *A Xunta argumenta que a normativa estatal non permite que Galicia poida desenvolver adecuadamente as súas competencias*

O Consello da Xunta deu o visto e praxe esta mañá á proposta da Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas para a interposición dun conflito positivo de competencias ante o Tribunal Constitucional respecto do decreto estatal que regula a xestión de recursos mineiros.

O Goberno galego argumenta que a norma estatal fai unha regulación exhaustiva das materias inxustificadamente, e non permite que a Comunidade Autónoma galega poida desenvolver adecuadamente as súas competencias. Ademais a Xunta lembra que a normativa básica, de conformidade co Tribunal Constitucional, debe plasmarse con carácter xeral nunha norma con rango de lei –salvo excepcións–, e neste caso non considera que se dean motivos que exceptúen esta regra.

O pasado 30 de xullo o Consello da Xunta xa lle formulou un requirimento de incompetencia ao Estado por considerar que este Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, vulneraba competencias da Comunidade Autónoma galega recoñecidas nos artigos 27.30 e 28.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. Neles recoñécese a competencia da nosa Comunidade para ditar normas adicionais de protección do ambiente e da paisaxe e para o desenvolvemento legislativo e execución en materia de réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Con posterioridade, mediante acordo do Consello de Ministros do 28 de agosto, o requirimento foi contestado polo Goberno do Estado acollendo as argumentacións da Xunta de Galicia só con respecto ao anexo V e á disposición adicional cuarta, relativos ambos os dous ás explotacións de carbón a ceo aberto, e comprometéndose a modificar o texto.

De conformidade co informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e logo da aprobación da Dirección Xeral de Relacións Institucións e Parlamentarias, así como da Consellería de Economía e Industria, a Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas considerou oportuno continuar co procedemento de conflictividade constitucional e que sexa o Tribunal

---

Constitucional, como intérprete supremo da Constitución, o que resolva a controversia.

## MEDIO AMBIENTE ESTABLECE UNHA COLABORACIÓN TÉCNICO-FINANCIERA COS CONCELLOS DE TUI E TOMIÑO PARA EXECUTAR O COLECTOR XERAL DO RÍO FURNIA POR UN IMPORTE DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS

- *A Xunta financiará o 100% das obras que darán servizo a unha poboación de máis de 1.162 habitantes*
- *Con esta nova actuación, o Goberno galego apoia a segunda acción en materia hidráulica co Concello de Tomiño en menos de dúas semanas*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos de Tui e Tomiño para executar as obras do proxecto de colector xeral do río Furnia, ás que se destinarán máis de 1,7 millóns de euros.

O departamento que dirixe Agustín Hernández financiará o 100% do custo das obras, que se executarán nun período de 8 meses e que ao seu remate darán servizo a máis de 1.162 habitantes, que tamén se beneficiarán da EDAR de Guillarei. Cómpre destacar que o colector do Furnia recollerá as augas residuais que serán conducidas para, posteriormente, ser tratadas pola EDAR de Guillarei.

Este tipo de obras responden á colaboración que establece a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coas entidades locais para o desenvolvemento de infraestruturas, debido a que os concellos teñen un orzamento insuficiente para financiarlas. Concretamente, este proxecto comprende a execución dun colector xeral para levar as verteduras de Malvas, Pexegueiro e Ares en Tui e Sobrada en Tomiño á rede existente no concello de Tui, que –actualmente– envía as augas residuais á EDAR de Guillarei.

As actuacións previstas neste convenio consisten nun colector e 3 bombas coas súas correspondentes impulsións. O colector xeral colocarase ao longo do río Furnia, fóra da súa zona de servidume, seguindo camiños públicos, percorrendo pola zona norte as parroquias de Malvas e Pexegueiro (Tui) e a zona sur as de Pexegueiro e Ares, en Tui e a de Sobrada, en Tomiño. Cómpre sinalar que este trazado esixe bombeos para finalmente levar as residuais á rede existente do concello de Tui, de onde irán á nova EDAR de Tui-Guillarei.

### **Segunda actuación en dúas semanas**

Cómpre recordar que o Consello da Xunta da semana pasada aprobou o acordo de colaboración técnico-financeira entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Tomiño para a execución dunha obra na bacía do río Cereixo. Esta actuación será

financiada ao 100% pola Administración autonómica, que achegará un importe total de 2.090.232 euros, distribuídos en dúas anualidades.

Con esta actuación preténdese a recuperación ambiental do río Cereixo mediante unha tripla actuación: unha rede de saneamento de fecais que supón unha lonxitude total de 17.153 metros; actuacións ambientais e recuperación do patrimonio cultural e etnográfico, que comprende a rehabilitación dun muíño e a restauración da ponte Taborda, así como o acondicionamento da área recreativa de Lago da Pedra.

### **Outras actuacións en Tomiño**

Augas de Galicia, departamento pertencente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, realizou un investimento total de 3.441.795 euros en actuacións para o Concello de Tomiño. Así, adxudicou a explotación da depuradora, cun orzamento de 1.847.827 euros. Ademais, levouse a cabo a posta en marcha da primeira fase da rede de saneamento na parroquia de Estás, cun importe de 408.885 euros. A Xunta tamén incorporou un colector xeral ao dito concello, achegando un total de 1.185.083 euros.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 382.000 EUROS PARA MELLORAR A REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO OURENSÁN DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO

- *A Xunta financiará o total do proxecto e distribuirá o importe en dúas anualidades, para mellorar a calidade de vida de máis de 1.000 habitantes*
- *As obras servirán para reforzar a rede principal de abastecemento existente, polo que se solucionarán as deficiencias actuais de caudal e presión dalgunhas zonas*
- *As actuacións complementáanse coa instalación dun sistema de cloración por enerxía solar nos depósitos existentes, así como un cruzamento baixo a estrada OU-536. Tamén se levará a cabo a reposición dos pavimentos e servizos afectados polas obras*
- *O prazo de execución estimado é de seis meses*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas executará a obra de abastecemento para o concello ourensán de Xunqueira de Espadanedo, nos seus núcleos da Graña e A Caseta. Así, o Consello da Xunta autorizou hoxe un gasto de algo máis de 382.000 euros para financiar estas actuacións, distribuídos en dúas anualidades. Neste ano investiranse 182.015,50 euros e no próximo exercicio haberá un gasto de 200.000.

Cómpre salientar que as obras obxecto da proposta corresponden ao programa de construción de infraestruturas en concellos que teñen un presuposto insuficiente para financiarlas.

O abastecemento a estes núcleos, que beneficiará a máis de 1.050 habitantes, deséñase mediante dúas captacións e un novo depósito regulador de 500 metros cúbicos coa correspondente rede de distribución, que servirá para reforzar a rede principal de abastecemento existente na actualidade, polo que quedarán solucionadas as deficiencias actuais de caudal e presión dalgunhas zonas.

Así, levaranse a cabo dúas novas captacións á cota de 1.070 e 995 metros na zona de Campo de Albaredo, que se conectarán entre si e ao novo depósito mediante 1.122 metros de tubaxe. Esta infraestrutura dispón dunha arqueta de rotura de carga xunto á captación máis baixa.

### **Novo depósito**

En relación ao novo depósito regulador, contará cunha cámara de claves e un sistema de cloración por enerxía solar alimentado con panel fotovoltaico, instalado sobre o depósito. Ademais proxectarase a cota 875 metros para subministrar mediante rede ramificada aos depósitos xa existentes nos núcleos da Graña na cota

750 e A Caseta na cota 685 metros, máis unha derivación á rede de abastecemento de Marcelle e Ramil.

As obras complementáanse coa instalación de valvularía e outro sistema de cloración por enerxía solar nos depósitos existentes, así coma un cruzamento baixo a estrada OU-536. Tamén se levará a cabo a reposición dos pavimentos e servizos afectados polas obras.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas estima un prazo de execución das obras de abastecemento de seis meses.

---

## MEDIO AMBIENTE ACHEGA 144.000 EUROS PARA FINANCIAR O ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE MUÍÑOS

- *As actuacións céntranse na implantación de servizos de abastecemento e saneamento de auga, iluminación pública, mobiliario urbano e pavimentación*
- *As obras levaranse a cabo no contorno da capela de Santa Leocadia, no forno e nas vías principais do núcleo*
- *A Xunta financiará a execución das obras, distribuíndo o importe en dúas anualidades*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello ourensán de Muíños para a execución de obras de acondicionamento de espazos públicos na localidade da Abelleira.

As actuacións afectan a unha área de máis de 1.318 m<sup>2</sup> en que se levará a cabo a implantación de servizos urbanísticos de abastecemento e saneamento de auga, iluminación pública, mobiliario urbano e pavimentación. Cómpre salientar que estas obras se realizarán no contorno da capela de Santa Leocadia, no forno e nas vías principais do núcleo.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas financiará a execución co achegamento dun máximo de 144.000 euros, distribuídos en dúas anualidades: no ano 2009, 105.000 euros, e no 2010, 39.000.

O proxecto actúa nun espazo que pola súa singularidade necesita dunha coidadosa adecuación que supoña unha posta en valor, evitando a degradación urbanística e arquitectónica dos espazos públicos, de relación e de ocio. Así, dáselle continuidade á mellora de lugares en que se agrupan moitos elementos arquitectónicos e urbanísticos situados nunha zona tradicional e que supoñen puntos de encontro e de relación da poboación.

A Xunta, a través deste tipo de convenios con concellos, pretende converter o territorio nun factor da competitividade e da igualdade e, polo tanto, nun axente activo de desenvolvemento económico e de cohesión social, e conseguir, mediante as oportunas intervencións, unha maior calidade de vida para os cidadáns.

O Concello de Muíños deberá achegar o proxecto técnico, así como asumir a realización das xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias. Ademais, debe poñer á disposición da consellería os terreos precisos para as actuacións, que unha vez rematadas, necesitan dun proceso continuo de explotación e conservación.

---

Cómpre sinalar que a vixencia do citado convenio se estende ata o 31 de decembro do presente ano, manténdose ata a entrega das obras ao concello ourensán.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA PROMOVE A CONTRATACIÓN DE 230 NOVOS INVESTIGADORES E AXENTES DE I+D EN UNIVERSIDADES E ORGANISMOS PÚBLICOS CUN INVESTIMENTO DE CASE 15 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta deu a súa aprobación á convocatoria de 2009 do Programa de recursos humanos do Plan Galego de I+D+i 2006 – 2010 (Incite)*
- *Os principais obxectivos desta acción son contribuír á formación do persoal investigador e axentes de I+D así como incrementar o persoal cualificado no Sistema Galego de Innovación*
- *O Goberno da Xunta leva investidos no que vai de ano máis de 100 millóns de euros en reforzar o sistema galego de I+D+i*

O Consello da Xunta de Galicia deu a súa aprobación aos compromisos de gasto asociados á convocatoria do Programa de recursos humanos do Plan Galego de I+D+i 2006-2010 (Incite). O investimento total da Consellería de Economía e Industria na convocatoria de 2009 nestas axudas é de 14.725.120 euros, cos que se realizarán 230 novos contratos a investigadores, tecnólogos e axentes de innovación no sistema público galego de I+D+i. Con esta nova achega, o departamento que dirixe Javier Guerra Fernández leva investidos ata o de agora máis de 100 millóns de euros para reforzar o sistema galego de I+D+i.

A esta última acción hai que engadir o Programa Manuel Colmeiro para a consolidación de investigadores, convocado o 1 de setembro cun orzamento de 3,5 millóns para a consolidación de 25 científicos, e a convocatoria de prórrogas de contratos do Programa de recursos humanos, que foi publicada o martes pasado cunha dotación de 5,6 millóns.

O obxectivo do Programa de recursos humanos é incrementar o número de investigadores, tecnólogos e axentes de innovación e xestión de proxectos de I+D+i a través da formación e da consolidación dos postos de traballo. En liñas xerais, poden optar a estas subvencións as universidades galegas, organismos públicos de investigación e centros tecnolóxicos con sede en Galicia e outras entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades de investigación. O programa establece dúas carreiras, a científica e a tecnolóxica, e estrutura cada unha delas en diferentes programas segundo a fase en que se atope o investigador ou axente de innovación.

O Programa María Barbeito é o primeiro chanzo e corresponde coa fase de formación da carreira científica. A través desta liña, dotada en 2009 con 3,02 millóns de euros, contrátanse titulados superiores en etapa predoutoral, cunha retribución bruta anual e os pagamentos dos custos sociais de 20.440 euros por contrato. Grazas á convocatoria de 2009 realizáranse 74 novos contratos.

---

A carreira científica continúa cos programas Ángeles Alvariño e Isidro Parga Pondal, correspondentes á etapa de incorporación. A través da convocatoria de 2009, contrataranse mediante a liña Ángeles Alvariño a 43 doutores que acadaran este grao recentemente. Os contratos, que teñen unha duración de tres anos, están dotados con 28.000 euros anuais, o que supón un investimento de 3,61 millóns de euros.

O Programa Parga Pondal é a ferramenta para a contratación durante tres anos de 32 doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos estatais ou estranxeiros. A axuda bruta anual (máis os pagamentos dos custos sociais) por investigador é de 36.000 euros. O investimento é de máis de 3,45 millóns de euros.

### **A carreira de tecnólogo e xestores de proxectos**

O Programa de recursos humanos define tamén unha carreira de tecnólogo e xestores de proxectos de I+D+i co obxectivo de aumentar e diversificar a capacidade en recursos humanos dos centros de I+D públicos e privados. Con este propósito convócanse os programas Lucas Labrada e Isabel Barreto.

O Programa Lucas Labrada ten como obxectivo fomentar a formación e a especialización de novos tecnólogos e xestores de proxectos de I+D+i en organismos públicos de investigación e centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Conta con 40 prazas de nova adxudicación cunha duración de dous anos por contrato. A retribución bruta anual e os pagamentos dos custos sociais é de 18.000 euros para os titulados en formación profesional de grao superior ou universitarios de primeiro ciclo e de 21.000 euros para os titulados universitarios superiores. Destínanse aos contratos Lucas Labrada na convocatoria de 2009 1,68 millóns de euros.

Pola súa banda, o Programa Isabel Barreto encádrase na etapa de incorporación de tecnólogos e xestores de proxectos de I+D+i xa formados. Convócanse neste ano 2009 corenta e unha prazas cunha duración de dous anos. A retribución bruta anual e os pagamentos dos custos sociais de cada contrato varían entre os 24.000 e os 36.000 euros segundo o grao académico da persoa contratada. O orzamento do programa é de preto de 3 millóns de euros. Posteriormente, está previsto completar a carreira tecnolóxica cunha fase de consolidación que se materializará no Programa Eloi Luis André.

A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento, convocou até o momento no ano 2009 axudas por valor de máis de 100 millóns euros para reforzar o sistema galego de I+D+i en todos os aspectos: investigación básica e aplicada, innovación empresarial, propiedade industrial, dotacións para investigación, accións de divulgación da ciencia e da tecnoloxía e de dinamización da innovación e formación de investigadores.

---

As convocatorias publicadas no que vai de ano son: fomento da investigación e da innovación empresarial; programas sectoriais; promoción xeral da investigación; propiedade industrial; estadías do Programa de recursos humanos; consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas; mobilización, dinamización e sistematización da innovación, e comunicación e divulgación científica e tecnolóxica (Diverciencia).

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA CONVENIOS CON SEIS UNIVERSIDADES PARA A DOCENCIA, INVESTIGACIÓN E PROMOCIÓN DO GALEGO POR VALOR DE 330.000 EUROS

- *Os convenios son entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as universidades de Barcelona, Bahía, Tübingen, Wales, Nova de Lisboa e o Queen College de Oxford*
- *O importe total ascende a 330.939 euros e a vixencia dos convenios estenderase ata o ano 2012*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de seis convenios de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e outras tantas universidades españolas e estranxeiras, co obxectivo de consolidar o ensino e a investigación do galego en centros universitarios estratéxicos.

Estes centros son a Universidade Federal da Bahía, a Universitat de Barcelona, a Eberhard Karls-Universität Tübingen, a University of Wales, a Universidade Nova de Lisboa e o Queen's College, University of Oxford. Estes convenios, asinados a través da Secretaría Xeral de Política de Lingüística, ascenden a unha contía total de 330.939 euros e terán vixencia ata o ano 2012.

Os asinantes dos convenios comprométense a darlle continuidade ata entón ao ensino da lingua e da literatura galega. Entre as obrigas están as de organizar actividades de investigación, promoción e difusión da nosa lingua, adquirir material bibliográfico, fonográfico e audiovisual e acoller ou contratar un profesor-lector nomeado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Este profesor deberá ademais colaborar na consecución dos obxectivos previstos no convenio.

O importe dos convenios así como a súa repartición en diferentes anualidades, son os seguintes:

**-Universidade Federal da Bahía: 62.670,11 €**

<i>ANUALIDADES</i>			
2009	2010	2011	2012
5.108,48	15.325,44	15.325,44	11.494,08
1.666,67	5.000,00	5.000,00	3.750,00

**-Universitat de Barcelona: 68.666,19 €**

<i>ANUALIDADES</i>			
2009	2010	2011	2012



---

6.734,97	22.892,16	22.892,16	16.146,90
----------	-----------	-----------	-----------

-Eberhard Karls-Universität Tübingen: 65.753,44 €

<i>ANUALIDADES</i>			
2009	2010	2011	2012
7.108,48	21.325,44	21.325,44	15.994,08

-University of Wales, Bangor (Priysgol Cymru, Bangor): 71.920,11 €

<i>ANUALIDADES</i>			
2009	2010	2011	2012
7.775,15	23.325,44	23.325,44	17.494,08

-Universidade Nova de Lisboa: 65.753,44 €

<i>ANUALIDADES</i>			
2009	2010	2011	2012
7.108,48	21.325,44	21.325,44	15.994,08

-The Queen 's College, University of Oxford: 64.842,50 €

<i>ANUALIDADES</i>			
2009	2010	2011	2012
7.010,00	21.030,00	21.030,00	15.772,50

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO PLENO DO PADROADO E DA COMISIÓN PERMANENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto para a modificación do artigo 10 dos estatutos da *Fundación Deporte Galego*, que establece a composición do pleno do Padroado e da Comisión Permanente, co fin de adaptala á nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia (Decreto 79/2009, de 19 de abril). O Padroado da *Fundación Deporte Galego* aprobou o 30 de xullo de 2009 unha nova redacción dos estatutos para se adaptaren aos cambios que se produciron nos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e dos departamentos da Xunta de Galicia.

A Consellería de Cultura e Turismo exerce o protectorado desta fundación, polo que é este departamento o que eleva o expediente ao Consello da Xunta de Galicia. A *Fundación Deporte Galego* é unha fundación do sector público autonómico e a modificación dos seus estatutos debe ser aprobada polo Consello da Xunta, tal como dispón o artigo 59 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A composición da nova comisión serán un mínimo de catorce e un máximo de dezanove membros.

O Pleno do Padroado estará integrado por:

Presidente: o presidente da Xunta de Galicia.

Vicepresidente executivo: o secretario xeral para o Deporte.

Vogais:

- A conselleira de Facenda
- O conselleiro de Educación e de Ordenación Universitaria
- O conselleiro de Cultura e Turismo
- A secretaria xeral e do Patrimonio
- A secretaria xeral para o Turismo
- A secretaria xeral da Igualdade
- A directora xeral da Asesoría Xurídica Xeral
- O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- O director xeral de Xuventude e Voluntariado
- A subdirectora xeral de Deportes
- O presidente do ente público Portos de Galicia
- O director xeral da Compañía Radio-Televisión de Galicia
- Ata cinco vogais designados pola Presidencia do Padroado de entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito deportivo galego ou institucións

ou entidades, públicas e privadas, que contribúan á realización dos fins da fundación

A Comisión Permanente do Padroado estará integrada por:

Presidente: o vicepresidente executivo do Pleno do Padroado

Vicepresidente: a directora xeral da Asesoría Xurídica Xeral

Vogais: a secretaria xeral e do Patrimonio, a secretaria xeral para o Turismo e a subdirectora xeral de Deportes.

O artigo 10 tamén establece que actuará como secretario do Pleno e da Comisión do Padroado, con voz pero sen voto, unha persoa designada para o efecto polo presidente do Pleno, logo da proposta do vicepresidente executivo do Pleno do Padroado. Así mesmo, poderán participar nas sesións do padroado, tras a invitación do presidente, con voz pero sen voto, o xerente, as entidades colaboradoras ou patrocinadoras das actividades da fundación e calquera outra persoa física ou xurídica invitada.

---

## **AUTORIZADO O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CULTURA E TURISMO E O MINISTERIO DE CULTURA PARA A ADQUISICIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS POR UN IMPORTE DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS**

O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Cultura que ten por obxecto a achega e distribución de crédito para a adquisición de fondos bibliográficos para a mellora das bibliotecas públicas. Dentro do Plan de fomento da lectura do Ministerio de Cultura prevese un plan extraordinario de dotación bibliográfica para distribuír entre as comunidades autónomas de acordo coa súa porcentaxe de poboación.

Este convenio ten por obxecto a adquisición de fondos bibliográficos para a mellora das bibliotecas públicas galegas e prevé un investimento de 2.515.874 euros. En virtude do acordo, cada unha das administracións destinará para este efecto un total de 1.257.937 euros. Tamén se establece que a achega que lle corresponde á Comunidade Autónoma poderá estar xa executada, total ou parcialmente, na data do acordo. O investimento dedicarase á adquisición de novidades editoriais, de fondos bibliográficos para bibliotecas da rede da Xunta de Galicia ou de lotes bibliográficos para bibliotecas nodais.

Sométese o expediente á aprobación polo Consello da Xunta, por tratarse dun convenio de contía superior a 150.000 euros (artigo 11.3 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega).

## A XUNTA ELABORARÁ UNHA LEI ÓMNIBUS PARA ADAPTAR MÁIS DE VINTE NORMAS AUTONÓMICAS Á DIRECTIVA EUROPEA DE SERVIZOS

- *Galicia sitúase así na vangarda das comunidades autónomas na transposición da directiva, que pretende acadar un mercado único de servizos na Unión Europea*
- *Por razóns de seguridade xurídica e coherencia, o Goberno galego esperará á aprobación da lei paraugas estatal para traspoñer a súa normativa*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza sobre a afectación na normativa autonómica da coñecida como Directiva de servizos europea, que obrigará o Goberno galego a modificar nos vindeiros meses máis de vinte leis galegas para traspoñer a directiva en materias de competencia autonómica.

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, ten como obxectivo acadar un auténtico mercado único de servizos na Unión Europea, eliminando as barreiras legais e administrativas que limitan o desenvolvemento de actividades de servizos entre os Estados membros.

Os Estados dispoñen ata o 28 de decembro deste ano para adaptar a súa lexislación á directiva. No caso español, o Goberno central iniciou xa a tramitación parlamentaria dun proxecto de lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, norma coñecida como lei paraugas. Aínda que é lóxico que o Estado lidere o proceso de transposición, as comunidades autónomas teñen a responsabilidade de participar na transposición da directiva no ámbito das súas competencias.

Nese sentido, Galicia quere situarse á vangarda autonómica na transposición da directiva e decidiu apostar por unha lei ómnibus, igual que fixo o Goberno central, para adaptar a súa normativa. Trátase de aprobar unha disposición múltiple que modifique a un tempo as máis de vinte leis que afectará a directiva, segundo ten identificado o informe presentado hoxe pola Consellería de Presidencia.

### Fases da transposición

Nestes momentos, a Xunta ultima a fase de identificación e avaliación de todas as leis que se poidan ver afectadas pola directiva, de tal xeito que espera ter un borrador do anteproxecto ao longo do mes de outubro. Posteriormente solicitaranse os ditames e informes preceptivos, co obxectivo de que o Consello da Xunta poida aprobar o proxecto de lei no mes de decembro.

De todos os xeitos, hai que ter en conta que a lexislación estatal que nestes momentos se tramita no Congreso dos Deputados pode condicionar o calendario e opcións de transposición autonómica, posto que razóns de seguridade xurídica e

coherencia normativa recomendan que a lexislación estatal preceda á lexislación autonómica.

Unha vez aprobado o proxecto de lei, as consellerías comezarán tamén a preparar a normativa complementaria á das leis modificadas, é dicir, decretos e ordes. De xeito inmediato tamén se difundirá ao máximo a nova normativa e o seu significado entre o persoal autonómico, xa sexa mediante accións formativas básicas ou mediante seminarios por área, co fin de asegurar a súa efectiva aplicación.

A elaboración e tramitación conxunta das principais leis afectadas pola directiva europea asegura a coherencia no proceso de adaptación e contribúe a unha maior visibilidade das implicacións lexislativas da Directiva de servizos en cada sector. Malia os inconvenientes que poida xerar, a Xunta toma a transposición da directiva como unha ocasión para modificar definitivamente as relacións entre a Administración e os emprendedores, para facer da Administración un instrumento que libere enerxías en vez de absorbelas.

A Directiva de servizos eliminará aquelas autorizacións e trámites administrativos que non estean xustificadas por razóns de interese xeral. Ademais, suprimirá outras cargas administrativas para os prestadores de servizos, contribuirá a simplificar os trámites e, o que é máis importante, implicará o reforzo dos dereitos e a protección dos usuarios dos servizos.

.

## A CONSELLEIRA DE SANIDADE INFORMA O CONSELLO DA XUNTA SOBRE O PROCESO DE EXPROPIACIÓN DOS TERREOS PARA O HOSPITAL DE VIGO

- *Os terreos afectados contan con 389 parcelas correspondentes a 265 propietarios e o custo estimado da expropiación é de 7.457.068,20 euros*
- *En outubro remitiráselle á Consellería de Medio Ambiente o proxecto de expropiación e transferiráselle o crédito necesario para a súa tramitación*

A conselleira de Sanidade e presidenta do Servizo Galego de Saúde, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe o Consello da Xunta de Galicia sobre o proceso de expropiación dos terreos para o novo hospital de Vigo.

Os terreos afectados por este procedemento contan con 389 parcelas correspondentes a 265 propietarios e o custo estimado da expropiación é de 7.457.068,20 euros. O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a construción da infraestrutura foi aprobado no mes de febreiro deste ano.

A titular da carteira sanitaria do Executivo galego explicou que o Servizo Galego de Saúde ten xa contratada a asistencia técnica para a redacción do proxecto de expropiación dos terreos incluídos no proxecto sectorial para o hospital. Este documento será entregado o día 30 de setembro.

Así mesmo, segundo expuxo, existe un convenio asinado coa antiga Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo polo que a primeira se ocupará da tramitación do expediente de expropiación.

A conselleira indicou que a principios do mes de outubro se lle remitirás á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas –por ser esta a que absorbeu as competencias da de Política Territorial- o proxecto de expropiación e transferiráselle o crédito necesario para a súa tramitación.

A partir dese momento, deberá procederse á aprobación inicial do proxecto de expropiación, á súa publicación e á notificación dos interesados do contido deste e abrirá un prazo dun mes para alegacións. Unha vez resoltas estas, procederase á aprobación definitiva do expediente. Entón, convocaranse os expropiados para a sinatura da acta de ocupación e para proceder ao pagamento.

## A XUNTA REDISTRIBÚE OS 9,5 MILLÓNS DE EUROS QUE CUSTARÍA O EDIFICIO DE PORTOS Á MELLORA DOS PEIRAOS DE GALICIA

- *A finais de 2009 teranse investidos máis de 2,5 millóns de euros en instalacións portuarias*
- *Os 6,8 millóns restantes serán investidos ao longo de 2010 e 2011*

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun informe sobre a situación do Plan de Investimentos Menores 2009-2011 posto en marcha o pasado mes de xuño polo ente Portos de Galicia, organismo dependente da Consellería do Mar, e cuxa finalidade é a realización de obras menores nas instalacións portuarias nos peiraos de ámbito autonómico.

O plan conta cun orzamento de 9,5 millóns de euros e desenvolverase ao longo do presente ano e os dous seguintes. Os seus fondos proceden da decisión adoptada en maio pasado polo Goberno da Xunta de paralizar a execución do edificio dos servizos centrais de Portos de Galicia en Santiago de Compostela, previsto polo anterior executivo autonómico, e destinar os cartos consignados á execución de obras de infraestruturas e investimentos menores nos portos galegos de acordo coas necesidades dos seus distintos usuarios (confrarías, clubs náuticos e concesionarios e operadores portuarios). Deste xeito, Portos de Galicia dedicará os seus recursos a satisfacer as necesidades dos seus clientes e usuarios para poder facilitar o desenvolvemento das súas actividades ou favorecer o óptimo uso de instalacións en solo portuario.

Durante o pasado mes de xuño, Portos de Galicia remitiu escritos aos usuarios para coñecer de primeira man as súas necesidades que xa están a ser examinadas polos responsables da Consellería do Mar, despois de iniciar a súa execución en varios casos e estar en estudo outro gran conxunto de solicitudes.

Neste momento, unha vez recibidas as correspondentes peticións, que chegaron a partir de mediados do mes de xullo pasado, procedeuse á súa orde e análise por parte dos responsables de zona coa Dirección do ente público.

No 31 de agosto, recibíronse 73 peticións de investimento cun total de 224 actuacións que quedan englobadas dentro dos obxectivos do Plan de Investimentos Menores. O 73,2% das peticións corresponde ás confrarías de pesca, o 21% corresponde a clubs náuticos e deportivos e o resto a outros usuarios. Destas peticións o 41% están en estado de tramitación, que xunto coas que están en execución ou executadas supoñen un presuposto superior aos 2,5 millóns de euros, que supón o 72% da anualidade orzamentaria para este ano.



---

A previsión de execución para 31 de decembro de 2009 é de 2.626.355 €, mentres que o resto do orzamento (6,8 millóns) está previsto que se invista ao longo dos anos 2010 e 2011.